



BOLETÍN DE DICIEMBRE 2013

Contido:

AXUDAS PARA A CREACIÓN E A MELLORA DE MICROEMPRESAS DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS	1
AXUDAS A AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS CON CALIDADE DIFERENCIADA	1
AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE MEDIDAS DE PROMOCIÓN DO SECTOR VITIVINÍCOLA EN MERCADOS DE TERCEIROS PAÍSES	1
AXUDAS PARA A UTILIZACIÓN DE SERVIZOS DE ASESORAMENTO POR PERSOAS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS	2
AXUDAS PARA A MODERNIZACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS	2
CONTRATACIÓN DE XESTORES IGAPEX DE INTERNACIONALIZACIÓN (2014)	2
GALICIA INVISTE - PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL	6
GALICIA EMPRENDE - PROXECTOS DE CREACIÓN DE EMPRESAS OU REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN EMPRESAS NOVAS PROMOVIDAS POR NOVOS EMPREENDEDORES (2014)	12
PROXECTOS DE EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO DAS PEMES NO SECTOR SERVIZOS ENTRE 30.000 E 200.000 EUROS	17
REAL DECRETO - LEI DE 5/2013, DE 15 DE MARZO. MEDIDAS PARA FAVORECER A CONTINUIDADE DA VIDA LABORAL	21
CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO NO EXERCICIO 2014	21

AXUDAS PARA A CREACIÓN E A MELLORA DE MICROEMPRESAS DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS

ORDE do 18 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das concesións das axudas para a creación e a mellora de microempresas de aproveitamentos forestais, parcialmente cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e se convocan para o exercicio orzamentario 2014, segundo o Regulamento de execución (UE) nº 335/2013, da Comisión, do 12 de abril de 2013.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131224/AnuncioG0165-181213-0006_gl.html

Tramitación en: Consellería do Medio Rural do Mar

AXUDAS A AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS CON CALIDADE DIFERENCIADA

ORDE do 18 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a agrupacións de produtores para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2014.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131224/AnuncioG0165-181213-0006_gl.html

Tramitación en: Consellería do Medio Rural do Mar



Asociación de Autónomos e Pequenas
Empresas de Galicia - APE Galicia

Praza de España, 1 – 1º Esq. – Ofic. 1
36002 – PONTEVEDRA
Telf.: 986891657
Móvil: 663 881 047
Correo: info@apegalicia.es

AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE MEDIDAS DE PROMOCIÓN DO SECTOR VITIVINÍCOLA EN MERCADOS DE TERCEIROS PAÍSES

ORDE do 18 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de terceiros países e se convocan para o ano 2014.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131224/AnuncioG0165-191213-0004_gl.html

Tramitación en: Consellería do Medio Rural do Mar

AXUDAS PARA A UTILIZACIÓN DE SERVIZOS DE ASESORAMENTO POR PERSOAS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS



ORDE do 29 de novembro de 2013 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 24 de maio de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a utilización de servizos de asesoramento por persoas titulares de explotacións agrarias, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do

PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2013.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131203/AnuncioG0165-291113-0008_gl.html

Tramitación en:
Consellería do Medio Rural do Mar

AXUDAS PARA A MODERNIZACIÓN DAS EXPLOTACIÓN AGRARIAS



Axudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria, e para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en réxime asociativo cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2013

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131203/AnuncioG0165-291113-0009_gl.html

Tramitación en:
Consellería do Medio Rural do Mar



CONTRATACIÓN DE XESTORES IGAPEX DE INTERNACIONALIZACIÓN (2014)

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES ABRE O 2/1/2014

Facilitar ás empresas galegas a prospección e acceso a novos mercados poñendo ao seu alcance axudas para a contratación de profesionais especialistas en internacionalización empresarial, conseguindo, ao mesmo tempo, a formación de especialistas en comercio exterior e a súa incorporación ao mercado laboral.

Tipos de apoio:

Subvención a fondo perdido en réxime de concorrencia non competitiva.

Beneficiarios potenciais:

1.- Poderán ser beneficiarios:

a) As sociedades mercantís ou outras sociedades con obxecto empresarial (en diante, empresas), sexan ou non pemes, que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos, que teñan un proxecto de internacionalización da propia empresa solicitante e que dispoñan dun DIAGNÓSTICO POSITIVO do potencial de internacionalización da empresa realizado a través de programas do Igape. No caso de non dispoñer deste diagnóstico deberá solicitalo ao Igape ao mesmo tempo que presente a solicitude de axuda.

b) Os organismos intermedios:

- Asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers empresariais (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) que representen a un colectivo de empresas galegas, que estean domiciliados en Galicia e que teñan un proxecto de internacionalización dirixido ás empresas definidas no apartado a) do artigo 4.1.

- Centros de tecnoloxía e centros de apoio á innovación tecnolóxica (con personalidade xurídica propia), inscritos con anterioridade ao 31/12/2013 no Rexistro establecido para o efecto, que estean domiciliados en Galicia e que teñan como proxecto iniciar ou consolidar a súa internacionalización.

2.- En todos os casos, os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e non ser considerados empresas en crise no sentido das directrices comunitarias, cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.

Sectores incentivables: Todos

Requisitos principais do proxecto:

O xestor deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Debe ser elixido polo beneficiario de entre os integrantes na bolsa de traballo denominada Xestores Igape e publicada polo Igape na súa páxina web www.igape.es. Esta bolsa de Xestores Igape está aberta, indefinidamente, ás novas incorporacións de persoal que reúna os requisitos esixidos.

O solicitante poderá non indicar coa solicitude a identidade do xestor, pero terá que comunicalo ao Igape no prazo máximo improrrogable dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. O xestor deberá estar dado de alta na bolsa de traballo obrigatoriamente á data de contratación.

b) O obxecto do contrato laboral é a realización -nun centro de traballo en Galicia ou no estranxeiro- de actividades relacionadas co comercio exterior. No caso de contratos para un centro de traballo no estranxeiro será admitido como subvencionable o contrato realizado por unha sucursal no estranxeiro da beneficiaria ou unha filial con polo menos o 25% do capital subscrito pola beneficiaria, agás no suposto especificado no artigo 16.g) destas bases.

c) Debe ser dado de alta nun grupo 01 ou 02 de cotización á Seguridade Social no caso de contratos de traballo formalizados conforme a lexislación española. O Igape iniciará un procedemento de reintegro da axuda no caso de que o xestor non se destine a tarefas de internacionalización da empresa.

Só se concederá unha axuda do tipo da descrita nestas bases por solicitante e convocatoria. No caso de solicitantes aos que se lle tivese pagado unha axuda de anteriores convocatorias destas bases de axudas, só se lles concederá una nova axuda no caso de que xustifiquen que: fixeron un contrato laboral fixo ao xestor/es cuxa contratación foi obxecto de axuda nunha convocatoria anterior -e que dito xestor/xestores sigan contratados polo solicitante á data de acreditación de condicións da nova contratación para a que se solicita axuda-, ou no caso de que o xestor que se vai contratar sexa para traballar nun país distinto ao indicado en solicitudes de anteriores convocatorias destas bases.

En todo caso, a contratación dun mesmo xestor só poderá ser subvencionada unha vez por cada solicitante.

Exclusións:

1.- Exclúese das axudas establecidas neste programa a contratación dun xestor realizada por:

No caso do que o solicitante sexa empresa ou organismo intermedio a exclusión refírese ao parentesco (cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive) do xestor a contratar cos cargos de dirección ou membros dos órganos de administración do solicitante.

No caso de que o solicitante sexa unha empresa, as exclusións refírense ás relacións citadas da persoa que se vai contratar tanto co solicitante como con outras empresas vinculadas.

2.- Exclúense os contratos con persoas que tivesen algunha relación laboral co solicitante ou con outras empresas vinculadas nos cinco exercicios anteriores ao da convocatoria.

3.- A non concorrencia destas exclusións demostrarase a través dunha declaración responsable do solicitante.

Inversións ou gastos computables

1.- Será subvencionable o salario bruto anual da contratación por conta allea dun xestor Igapex de internacionalización, a tempo completo ou parcial, durante un máximo de 12 meses de vixencia do contrato laboral.

2.- Serán subvencionables únicamente as percepcións salariais (que coticen á Seguridade Social): salario base, complementos salariais, gratificacións extraordinarias, etc.). As percepcións non salariais: indemnizacións, suplidos (dietas, gastos de viaxe, pluses de transporte, etc.), prestacións da Seguridade Social, finiquito, etc. non se considerarán subvencionables.

3.- Un mesmo xestor pode ser obxecto de varias contratacións subvencionadas contemporáneas, a tempo parcial, por distintos beneficiarios destas axudas.

4.- O contrato laboral deberá formalizarse no prazo máximo improrrogable dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión.

5.- O prazo de execución do proxecto subvencionable iniciárase o 1 de xaneiro do exercicio da convocatoria e rematará na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder do 31 de maio de 2015.

Contía das axudas:

A contía da axuda para os contratos laborais que se formalicen -a tempo completo ou parcial, cumprindo os requisitos destas bases, será do 75% do salario bruto anual.

Incremento da porcentaxe de subvención:

a) Se o solicitante ten o seu domicilio social ou centro de actividade obxecto do proxecto en algún dos municipios relacionados no anexo III destas bases: provincias de Lugo ou Ourense, comarcas de Ferrol, Eume e Ordeal e da Costa da Morte, engadiranse 5 puntos porcentuais máis.

b) Se o xestor que se vai contratar ten no ano de presentación da solicitude unha idade igual ou inferior aos 30 anos (e sempre que nese ano non cumpra os 31 anos) e leva á data da solicitude- 12 meses ou máis en paro, engadiranse 5 puntos porcentuais máis. Se o solicitante indica esta condición na solicitude da axuda, debe respectala no caso de que o xestor contratado inicialmente sexa substituído por outro.

c) Se o solicitante é un clúster galego ou unha empresa pertencente a algún clúster galego, engadiranse 5 puntos porcentuais máis.

O límite máximo de axuda é de 15.000 euros se o centro de traballo de destino do xestor está en Galicia; e de 25.000 euros se o centro de traballo se atopa no estranxeiro.

Estes límites máximos son aplicables no caso de contratos a tempo completo. Para contratos a tempo parcial, estes importes máximos reduciranse na mesma proporción que a redución do tempo de traballo. Nos supostos do tipo do especificado no artigo 16.g) destas bases, no caso de que o beneficiario participe nunha porcentaxe inferior ao 100% da sociedade contratante no estranxeiro, a subvención correspondente adaptarase á porcentaxe de participación do beneficiario na dita sociedade.

Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 2 de xaneiro de 2014 e rematará o 3 de febreiro de 2014.

Incompatibilidades:

As axudas outorgadas ao abeiro destas bases serán incompatibles con calquera outra axuda concedida para o mesmo concepto subvencionable.

Estas axudas quedarán sometidas ao réxime de minimis, nos termos establecidos nos Regulamentos da UE citados no artigo 2.2, e non poderán superar os límites cuantitativos e por actividade establecidos polo dito réxime de minimis.

Referencia lexislativa:

Resolución do 25 de novembro de 2013 (DOG N°229 do 29/11/2013) - Bases reguladoras e convocatoria 2014

Información e tramitación en:

- Nas oficinas territoriais do IGAPE
- No Servizo de Atención Telemática a través do teléfono 902 300 903 ou 981 54 11 47
- A través de www.igape.es ou en informa@igape.es

Tramitación:

Para presentar unha solicitude de axuda o interesado deberá cumprimentar previamente un formulario descrito do proxecto a través da aplicación establecida no enderezo de Internet <http://www.tramita.igape.es>

Unha vez aceptados os datos do formulario deberá presentarse a solicitude. Para iso hai 2 opcións:

- Presentar telemáticamente : Neste caso será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante e deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido.

- En papel: xerar a instancia de solicitude (Anexo I) na opción Ver instancia e presentala nun rexistro do Igape ou en calquera outro rexistro público acompañado da documentación indicada no artigo 8.4 das reguladoras en orixinal ou copia cotexada.

Na presentación por vía electrónica, os interesados deberán achegar coa solicitude as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 8.4, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica.

A fin de prestar asistencia na cumprimentación do cuestionario, o Igape dispón dun Servizo de Atención Telemática a través dos teléfonos 902 300 903 ou 981 541 147

Observacións:

No prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión deberanse acreditar as condicións iniciais de contratación, mediante a presentación da documentación (en orixinal e copia ou copia cotexada) especificada na resolución de concesión.

A primeira solicitude de cobramento deberase presentar con data límite o 30 de outubro de 2014 e a segunda solicitude de cobramento no prazo dun mes dende o fin do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión, e nunca posteriormente ao 30 de xuño de 2015.

Prazo para presentar a solicitude de cobramento de cada anualidade:

A primeira solicitude de cobramento deberase presentar con data límite o 30 de outubro de 2014 e a segunda

GALICIA INVESTE - PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL

Resolución do 5 de decembro de 2013 (DOG Nº 238 de 13/12/2013)

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131213/AnuncioO92-051213-0001_gl.html

Finalidade / Obxectivo

A creación dun novo establecemento, a ampliación dun establecemento existente, a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso xeral de produción dun establecemento existente, que supoñan un investimento subvencionable igual ou superior a 200.000 euros

Tipos de apoio

Subvención a fondo perdido en réxime de concorrencia non competitiva aos proxectos empresariais de investimento que se vaian implantar na Comunidade Autónoma de Galicia, que cumpran os seguintes requisitos:

1.- Que o proxecto consista na creación dun novo establecemento, a ampliación dun establecemento existente, a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso xeral de produción dun establecemento existente, que supoñan un investimento subvencionable igual ou superior a 200.000 euros.

2.- Que o proxecto non se teña iniciado con anterioridade á data de solicitude da axuda. Ningún dos custos alegados, sobre os que se solicita subvención, poderán ser incorridos con carácter previo á solicitude da axuda; de ser así, o proxecto, no seu conxunto, sería non subvencionable. Considérase que o proxecto xa foi iniciado no momento en que se inicie a construción, ou ben cando exista compromiso en firme de adquisición de bens (o suposto que ocorra en primeiro lugar), ben sexa pedido de bens, pagos anticipados á entrega da mercancía, promesa de compra de terreo, etc., con exclusión dos estudos previos de viabilidade.

Para o caso de proxectos que presenten a solicitude de axuda entre o día seguinte á publicación destas bases e o 1 de xaneiro de 2014, deberase ter en conta que os investimentos que se realicen e/ou paguen nese período non computarán como investimento subvencionable. Serán subvencionables os investimentos realizados e/ou pagados entre o 1 de xaneiro de 2014 e a data de fin do prazo de execución establecido na resolución de concesión, que non excederá do 30 de xuño de 2015.

Ademais, para o caso de investimentos en obra civil, soamente serán subvencionables aqueles realizados con posterioridade ao levantamento de acta notarial que reflecta, fidedignamente e con posterioridade á presentación da solicitude de axuda, que as obras non foron iniciadas.

3.- Que os proxectos presentados por empresas que non cumpran os requisitos de pequena e mediana empresa acrediten, ademais, ao lgape o efecto incentivador da subvención solicitada.

4.- Os proxectos de investimento vinculados a un contrato de xestión de servizos públicos non serán subvencionables.

Beneficiarios potenciais:

1.- Sociedades mercantís existentes ou en constitución que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que realicen unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto do proxecto de investimento, localizado na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que desenvolvan no centro obxecto do proxecto algunha das actividades subvencionables que se sinalan nestas bases para cada tipo de proxecto subvencionable.

c) Que acheguen para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25% do seu importe, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo. Para estes efectos, o lgape poderá esixir nas resolucións de concesión un determinado nivel de fondos propios que deberá acreditar o beneficiario.

2.- Non poderán ter a condición de beneficiarios as sociedades mercantís cuxa actividade estea comprendida nas excluídas polo artigo 1.2 do Decreto 432/2009.

3.- Non poderán ter a condición de beneficiarios as sociedades que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axudas, consecuencia dunha decisión da Comisión Europea.

4.- Non poderán ter a condición de beneficiarias as empresas en crise.

5.- Non poderán ter a condición de beneficiarios as sociedades mercantís en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei de subvencións de Galicia.

Sectores incentivables:

Os proxectos subvencionables deberán estar vinculados a algunha destas actividades, independentemente de calqueira outra que, ademais desempeñe o solicitante:

- a) A extracción, procesamento, transformación ou produción de minerais, produtos enerxéticos ou os seus derivados.
- b) Todos os sectores da industria, agás os excluídos no Decreto 432/2009.
- c) Eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos.
- d) Turismo: hoteis balneario de 4 ou máis estrelas. Actividades recreativas, deportivas ou de entretemento vinculadas ou complementarias con establecementos ou aloxamentos turísticos.
- e) Actividades de electrónica, biotecnoloxía, robótica, audiovisual, telemática, telecomunicación e calquera outra de avanzada tecnoloxía.
- f) Transporte.
- g) Loxística asociada ao sector industrial.
- h) Servizos de apoio industrial.

Requisitos principais do proxecto:**Requisitos específicos dos proxectos**

- a) Os proxectos terán que contar cun investimento subvencionable, igual ou superior a 200.000 euros, que sexa viable técnica, económica, financeira e ambientalmente.
- b) No caso de ampliacións de instalacións existentes, o investimento subvencionable deberá ser, ademais, superior a 1,5 veces a dotación media para amortizacións do inmovilizado, circunscrita ao centro obxecto dos novos investimentos, nos 3 últimos exercicios pechados.
- c) Terán que incluír o compromiso de manter o emprego existente resultante da cifra máis alta de entre as dúas seguintes: cifra de emprego no mes anterior ao da presentación da solicitude; ou ben cifra media de emprego dos últimos 3 meses antes da solicitude. Na resolución de concesión establecerase o prazo de mantemento do emprego que como mínimo será o de execución do proxecto máis os dous anos seguintes.
- d) Cumprir as condicións establecidas no Decreto 432/2009, do 11 de decembro, para que os proxectos de investimento poidan recibir axuda.

Requisitos dos proxectos subvencionables

- a) Os investimentos previstos polo solicitante deberán ser especificados na solicitude, coa planificación anualizada destes.
- b) Para a determinación dos importes subvencionables observaranse, de ser o caso, os criterios e módulos de custo máximo subvencionable aprobados polo Consello de Dirección do Igape para os distintos conceptos que, de ser o caso, prevalecerán sobre os seus prezos de adquisición.
- c) Os investimentos deberán realizarse en bens novos ou de primeiro uso empresarial.
- d) Os bens obxecto de investimento deberán ser adquiridos en propiedade a terceiros polo beneficiario. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena do beneficiario antes do remate do prazo de execución do proxecto.
- e) Os investimentos subvencionables deberán ser contratados e pagados directamente entre o beneficiario da axuda e o provedor final. Os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante. Considéranse persoas ou entidades vinculadas, cando concorran as circunstancias establecidas no artigo 16.3 do Real Decreto 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto de sociedades.
- f) O investimento terá que manterse, vinculado á actividade económica subvencionable, no centro de traballo

f) O investimento terá que manterse, vinculado á actividade económica subvencionable, no centro de traballo en Galicia durante os 5 anos seguintes ao remate do prazo de execución do proxecto, prazo que poderá reducirse a 3 no caso de que o beneficiario cumpra os límites de pequena e mediana empresa e non se trate de bens inmobles.

g) No caso dos activos intanxibles, para ser considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda; 2) consideraranse activos amortizables; 3) adquiriranse a terceiros en condicións de mercado, 4) figurarán no activo da empresa e permanecerán no establecemento beneficiario da axuda durante un período mínimo de 5 anos ou de 3 anos en caso de pemes.

h) Cando o importe do investimento subvencionable supere as contías establecidas no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación da execución da obra, da prestación do servizo ou da adquisición do ben. Para modificar o provedor seleccionado deberá pedir previamente á súa contratación, autorización ao Igape xustificando as razóns do cambio.

i) En ningún caso o custo de adquisición dos investimentos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Inversións ou gastos computables:

Serán conceptos subvencionables excluindo impostos, taxas e arbitrios os seguintes:

a) Adquisición dos terreos necesarios para acometer o proxecto, traídas e conexións de servizos, urbanización e obras exteriores adecuadas ás necesidades do proxecto. A contía máxima subvencionable de custo de terreo non poderá superar o 10% do investimento subvencionable total.

b) Obra civil: oficinas, laboratorios, servizos sociais e sanitarios do persoal, almacenamento de materias primas, edificios de produción, edificios de servizos industriais, almacenamento de produtos terminados e outras obras vinculadas ao proxecto.

c) Adquisición de inmobles.

d) Bens de equipo: maquinaria de proceso, instalacións específicas para a actividade subvencionable, equipos e medios de transporte interior, vehículos especiais de transporte exterior, medios de protección do ambiente e outros bens de equipamento ligados ao proxecto. No sector de transporte non son subvencionables os medios e equipamento de transporte exterior.

e) Outros investimentos en activos fixos materiais incluíndo mobiliario.

f) Activos inmateriais vinculados á transferencia de tecnoloxía, en contía non superior ao 50% do investimento subvencionable. Entenderase como tales a adquisición de dereitos de patentes, licencias e aplicacións informáticas, que cumpran as condicións do artigo 5.2.g) das bases reguladoras.

Naqueles casos de subvención ao terreo, construcións e urbanizacións por cambio de localización dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a base sobre a que se aplicará a subvención será a que resulte da diferenza entre o prezo de adquisición dos novos activos, unha vez aplicados os módulos e criterios establecidos polo Consello de Dirección do Igape, e o valor dos da antiga localización, segundo informe de taxación suscrito por sociedade de taxación homologada, sempre e cando as instalacións que se abandonen sexan propiedade da empresa ou dos seus socios maioritarios, directa ou indirectamente. Se dentro do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión da subvención fosen alleadas as instalacións da antiga localización da empresa e o importe neto da venda resultase superior ao da taxación homologada que se tivo en conta para os efectos da subvención, reaxustarase o importe da subvención concedida.

Contía das axudas:

Co límite máximo do 50% de intensidade de axuda sobre os conceptos subvencionables, a porcentaxe da axuda resultará da aplicación da seguinte fórmula: $5 + (50 \times (\text{puntos por baremación proxecto}/200)) + (\text{puntos pola contratación de persoas de colectivos con dificultades de acceso ao emprego}) + (\text{Puntos subvención adicional polígono industrial})$

Non obstante, establécese un importe máximo de axuda, por empresa e proxecto, de 2.000.000 euros

Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e rematará o 30 de abril de 2014.

Incompatibilidades:

Estas axudas son compatibles cos programas de axuda financeira do Instituto como poden ser, entre outros, os préstamos ou a subsidiación do tipo de xuro, e tamén con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados financiadas con fondos Feder □ Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, ata o límite máximo de intensidade de axuda indicado en termos de equivalente de subvención bruta no anexo do Decreto 432/2009, do 11 de decembro (DOG núm. 242, do 14 de decembro de 2009), isto é:

a) Como regra xeral:

- Ata o 30% para grandes empresas.
- Ata o 40% para medianas empresas.
- Ata o 50% para pequenas empresas.

b) Ata o 30% para empresas do sector do transporte.

Referencia legislativa:

Resolución do 5 de decembro de 2013 (DOG Nº 238 de 13/12/2013) - Bases reguladoras e convocatoria

Información e tramitación en:

- Nas oficinas territoriais do IGAPE
- No Servizo de Atención Telemática a través do teléfono 902 300 903 ou 981 54 11 47
- A través de www.igape.es ou en informa@igape.es

Tramitación:

Para presentar a solicitude de axuda, os interesados deberán cubrir previamente un formulario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto para o que solicita a subvención a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>

Unha vez aceptados os datos do formulario deberá presentarse a solicitude. Para iso hai 2 opcións:

- Presentala telemáticamente: será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante e deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido. Neste caso, deberán achegar no formulario as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 9.4

- En papel: xerando a instancia de solicitude (Anexo I) na opción Ver instancia e presentandoa nun rexistro do Igape ou en calquera outro rexistro público acompañado da documentación indicada no artigo 9.4 das bases en orixinal ou copia cotexada.

A fin de prestar asistencia na cumprimentación do cuestionario, o Igape dispón dun Servizo de Atención Telemática a través dos teléfonos 902 300 903 ou 981 541 147

Xunto coa instancia de solicitude, presentarse a seguinte documentación:

I.- Para sociedades constituídas:

a) Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores.

b) Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.

c) Declaración do Imposto de sociedades, referido aos 3 últimos exercicios fiscais.

d) No caso de pertenza a algún clúster galego: certificado expedido polo correspondente clúster da pertenza do solicitante ao dito clúster.

II.- No caso de sociedades en constitución:

a) Certificado do Rexistro Xeral de Sociedades Mercantís da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, ou do rexistro competente, de non figurar inscrita a futura denominación social da entidade que se vai constituír.

b) Proxecto de estatutos da sociedade.

Nestes casos deberá acreditarse a válida constitución da sociedade con anterioridade a ditarse a proposta de resolución. A tal fin, a documentación establecida no apartado I anterior, terá que ser presentada no Igape no prazo máximo dun mes dende a presentación da instancia de solicitude.

III.- Acreditación do emprego existente antes da solicitude:

a) Os TC1 e TC2 dos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda de todos os centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social de afiliados adscritos ás contas de cotización da empresa por tipos de contrato, e de todos os centros de traballo da empresa, á data de solicitude da axuda.

IV.- Memoria descritiva do investimento proxectado segundo o modelo normalizado establecido polo Igape na súa páxina web.

V.- Declaración do efecto incentivador da axuda solicitada, de acordo co establecido no artigo 1.5 destas bases, segundo o modelo normalizado establecido polo Igape na súa páxina web.

VI.- Planos.

VII.- Declaración de cumprimento de requisitos segundo o establecido no anexo V.

VIII.- Declaración da condición de peme, segundo o modelo do anexo VI. No caso de non presentarse, entenderase que o solicitante non é peme.

IX.- As tres ofertas que deba ter solicitado o beneficiario. Calquera cambio na oferta seleccionada deberá contar coa autorización do Igape.

IX.- Calquera outra documentación ou información adicional que considere conveniente para unha correcta análise da solicitude.

Observacións:

O beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento da subvención no prazo improrrogable dun mes desde o fin do prazo de execución establecido na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder do 30 de xullo de 2015

GALICIA EMPRENDE - PROXECTOS DE CREACIÓN DE EMPRESAS OU REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN EMPRESAS NOVAS PROMOVIDAS POR NOVOS EMPRENDEDORES (2014)

Resolución do 5 de decembro de 2013 (DOG Nº 238 do 13/12/2013)

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131213/AnuncioO92-051213-0002_gl.html

Finalidad / Objetivo:

Fomentar a aparición de proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores para a ampliación do seu novo establecemento.

Tipos de apoios:

Subvención a fondo perdido en réxime de concorrencia non competitiva.

Beneficiarios potenciais:

As pequenas e medianas empresas, nas que non concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei de xuño, de subvencións de Galicia e cumpran as seguintes condicións:

1.- Composición do capital, no caso de sociedades mercantís:

a. O seu capital terá que atoparse maioritariamente participado pola suma das participacións de persoas físicas que non estean acometendo outras actividades económicas por conta propia á data de presentación da solicitude e das achegas de entidades de capital risco e investidores privados adscritos a unha rede asimilable ás coñecidas como redes de business-angels. Cando se observase que se produce continuidade empresarial, por baixa recente (antigüidade menor a un ano) nunha actividade que é igual ou similar á que se propón como nova, ou por razóns que permiten concluír unha continuidade de empresa preexistente, poderase denegar motivadamente a axuda.

b. A participación no capital da empresa de persoas, físicas ou xurídicas, que si estean desenvolvendo outras actividades económicas na data de solicitude, non poderá exceder conxuntamente o 49%. Polo menos unha das persoas físicas cunha participación superior ao 20% no capital e sen outra actividade económica por conta propia á data de solicitude, deberá ter unha dedicación plena ao proxecto, e non poderá desempeñar outra actividade por conta allea desde a alta de actividade da nova empresa (ou no caso de contar con alta de actividade no momento da solicitude de axuda desde o día da dita solicitude) e ata o fin do período de execución do proxecto.

2.- Antigüidade na actividade empresarial:

i) No caso de autónomos a data de alta censal non poderá ter unha antigüidade superior a un ano no momento da solicitude de axuda e deberá ter unha dedicación plena ao proxecto, e non desempeñar outra actividade por conta propia ou allea desde a alta de actividade (ou no caso de contar con alta de actividade no momento da solicitude de axuda desde o día da dita solicitude).

ii) No caso de sociedades, tanto a súa data de constitución como a súa data de alta censal non poderán ter unha antigüidade superior a un ano no momento da solicitude de axuda.

3.- Contribución financeira exenta de axudas públicas:

Os beneficiarios deberán achegar para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25% do seu importe, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

Sectores incentivables:

1.- Están excluídas das axudas as seguintes actividades:

a) As actividades de produción primaria dos produtos agrarios, e as actividades nos sectores da pesca e da acuicultura: CNAE 09: Divisións 01, 02, 03 e 05 (todos os grupos e clases agás 01.61, 01.62 e 02.40), 10.2 (todas as clases) e Clase 46.38.

b) O sector da industria siderúrxica. CNAE 09: Grupos 24.1, 24.2 e 24.3 (todas as clases) e clases 24.51, 24.52.

c) O sector de fibras sintéticas.

d) O sector do carbón e do aceiro. CNAE 09: División 05 (todos os grupos e clases).

e) O sector da construción naval. CNAE 09: Clase 30.11.

2. Nos subsectores de hostalaría, restauración e hospedaxe, unicamente serán subvencionables as actividades de restaurantes, e de hoteis de dúas estrelas ou superiores.

Requisitos principais del proxecto

Serán subvencionables os proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores para a ampliación do seu novo establecemento que cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras, entre eles:

a) Non teñan comezado antes da presentación da solicitude de axuda.

b) Presenten un custo subvencionable superior a 35.000 euros e non superior a 500.000 euros, que se realizará no prazo de execución do proxecto que se estableza na resolución de concesión; se o custo subvencionable resultase superior a 500.000 euros, o lgame reduciría a base subvencionada a esta cantidade.

c) Os gastos e/ou investimentos subvencionables terán que estar localizados no centro de traballo da empresa en Galicia.

Considérase novo emprendedor, para os efectos destas bases, aquela persoa física que non estea acometendo outra actividade económica por conta propia á data de presentación da solicitude de axuda. Considerarase que non se cumpre esta condición cando unha persoa no momento da solicitude figure de alta no RETA cunha antigüidade superior a un ano ou detente unha participación igual ou superior ao 25% noutra sociedade mercantil.

Inversiones o gastos computables:

Investimentos realizados en:

i.- Obra civil para construción, reforma ou habilitación de instalacións.

ii.- Bens de equipamento: maquinaria de proceso, utensilios, equipamentos informáticos, mobiliario, instalacións específicas para a actividade subvencionable, elementos de transporte interior, vehículos especiais de transporte exterior, medios de protección do ambiente e outros bens de equipamento ligados ao proxecto. Nos sectores do transporte e loxístico non serán subvencionables os elementos de transporte exterior.

iii.- Outros investimentos en activos fixos mobiliarios.

iv.- Activos inmateriais vinculados á transferencia de tecnoloxía, tales como adquisición de dereitos de patentes, licencias, Know how e coñecemento técnicos non patentados, incluíndo aplicacións informáticas.

b) Gastos de aprovisionamentos de materias primas, produtos terminados ou servizos de profesionais independentes necesarios para vender un produto ou servizo. Podendo representar ata o 10% do proxecto subvencionado total.

c) Gastos de investigación e desenvolvemento e o canon fixo de franquías no seu primeiro ano.

d) Os gastos de aluguer de bens inmobles, ata un prazo máximo dun ano.

e) Os gastos do informe de auditor.

- Serán subvencionables os custos realizados e pagados dentro do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión. O dito prazo iniciarase coa presentación da solicitude de axuda e finalizará na data establecida na resolución de concesión en atención ás características do proxecto para os efectos de cumprimento de todas as condicións da subvención, data que non excederá do 30 de xuño de 2015.

- Ningún dos custos alegados, sobre os que se solicita subvención, poderán ser incorridos con carácter previo á solicitude da axuda, de ser así, o proxecto no seu conxunto sería non subvencionable.

- Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes do remate do prazo de execución do proxecto.

O investimento en inmobles terá que ser mantido, vinculado á actividade económica subvencionable, no centro de traballo en Galicia durante polo menos 5 anos dende a finalización do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión e o resto do investimento polo menos 3 anos desde a finalización do dito prazo. O emprego deberá manterse durante polo menos 2 anos a partir da finalización do prazo de execución do proxecto.

- Todos os investimentos deberán realizarse en bens novos.

- Non se subvencionarán os gastos e/ou investimentos cuxo importe sexa superior ao indicado no anexo VI destas bases reguladoras.

- Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público para o contrato menor o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben. As ofertas deberán ter sinatura e selo orixinal do provedor. Para modificar o provedor seleccionado deberá pedir previamente á súa contratación autorización ao Igaape e xustificar as razóns do cambio.

- Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación destas bases os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e os impostos persoais sobre a renda.

- Os gastos subvencionables deberán ser contratados e pagados directamente entre o beneficiario da axuda e o provedor final. Os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores. En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades.

- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuantía das axudas:

Respectando os límites establecidos para cada tipo de gasto, a intensidade de axuda concedida establécese entre un mínimo dun 15% dos gastos subvencionables e un máximo do 50%.

A dita intensidade da axuda resultará da aplicación da seguinte fórmula: $15+35 \times (\text{puntos obtidos}/100)$ da puntuación obtida segundo o artigo 5.2 das bases.

Segundo o tipo de gasto subvencionable, a intensidade da axuda non poderá superar:

1.- Para os gastos de investimento:

a) Como regra xeral:

- Ata o 40% para medianas empresas.

- Ata o 50% para pequenas empresas.

- Ata o 30% para empresas do sector do transporte.

b) Axudas ao investimento no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, ata o 50%.

2.- Para os gastos de aluguer a pequenas empresas de recente creación, ata o 35 % dos custos subvencionables.

3.- Para os gastos de informe de auditor; ata o 50 % dos custos subvencionables.

4.- No caso das axudas outorgadas en réxime de minimis aos gastos de aprovisionamento e os gastos de aluguer de bens inmoables concedidos a beneficiarios que superen os límites de pequena empresa, comprobarase que as axudas totais concedidas en réxime de minimis non superarán os 200.000 euros no exercicio corrente e nos dous exercicios anteriores.

Plazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 2 de xaneiro de 2014 e rematará o 30 de abril de 2014.
Incompatibilidades

Estas axudas son INCOMPATIBLES con calquera outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto cofinanciada con Fondos ou Instrumentos da UE, agás coas axudas ou programas de carácter financeiro como subsidiación ao tipo de xuro, microcréditos, garantías ou préstamos directos.

Noutro caso, as axudas serán COMPATIBLES con calquera outra liña de subvencións, sempre que respecten as intensidades de axuda máxima indicadas.

Referencia legislativa:

Resolución do 5 de decembro de 2013 (DOG N° 238 do 13/12/2013) - Bases reguladoras e convocatoria

Información y tramitación en:

-Nas oficinas territoriais do IGAPE

-No Servizo de Atención Telemática a través do teléfono 902 300 903 ou 981 54 11 47

-A través de www.igape.es ou en informa@igape.es

Tramitación:

Para presentar unha solicitude de axuda o interesado deberá cumprimentar previamente un formulario descritivo do proxecto a través da aplicación establecida no enderezo de Internet <http://www.tramita.igape.es>

Unha vez aceptados os datos do formulario deberá presentarse a solicitude. Para iso hai 2 opcións:

- Presentala telemáticamente: será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante e deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido. Neste caso, deberán achegar no formulario as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 8.4.
- En papel: xerando a instancia de solicitude (Anexo I) na opción Ver instancia e presentandoa nun rexistro do Igape ou en calquera outro rexistro público acompañado da documentación indicada no artigo 8.4 das bases en orixinal ou copia cotexada.

Na presentación por vía electrónica, os interesados deberán achegar coa solicitude as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 8.4 en formato PDF, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica.

A fin de prestar asistencia na cumprimentación do cuestionario, o Igape dispón dun Servizo de Atención Telemática a través dos teléfonos 902 300 903 ou 981 541 147

Documentación a presentar xunto coa instancia de solicitude:

1.- Para todas as solicitudes:

- a) Certificado de vida laboral á data de solicitude de axuda dos promotores (persoas físicas) que cumpran a condición de novo emprendedor.
- b) Declaración asinada por todos os promotores que, cumprindo as condicións de novo emprendedor, vaian dedicarse en exclusiva ao proxecto empresarial para o que se solicita axuda.
- c) Plan de empresa, o cal se debe xuntar como documento ao formulario de solicitude.
- d) As tres ofertas que deba ter solicitado o beneficiario. Calquera cambio na oferta seleccionada deberá contar coa autorización do Igape.
- e) Proxecto técnico visado elaborado para a obtención da correspondente licenza urbanística no caso de proxectos que contemplen gastos de obra civil (construción ou reforma de nave, oficinas, locais comerciais, etc). Exceptúase da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores.

2.- Para sociedades xa constituídas:

- a) Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente.
- b) Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.

3.- Para sociedades en constitución:

- a) Certificado do Rexistro Xeral de Sociedades Mercantís da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, ou do rexistro competente, de non figurar inscrita a futura denominación social da entidade que se vai constituír.
- b) Proxecto de estatutos da sociedade, o cal se debe xuntar como documento ao formulario de solicitude.

Nestes casos deberá acreditarse a válida constitución da sociedade con anterioridade a ditarse a proposta de resolución. A tal fin, a documentación establecida no artigo 8.4.2 anterior terá que ser presentada no Igape no prazo máximo de dous meses dende a presentación da instancia de solicitude (en caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo finalizará o día hábil seguinte) e, en todo caso, antes do 15 de maio do 2014.

Observaciones: Os beneficiarios deberán presentar a solicitude de cobramento da subvención no prazo improrrogable dun mes desde o remate do prazo de execución establecido na resolución de concesión sen que nunca poida exceder do 31 de outubro de 2014 para os proxectos que finalicen no ano 2014 e do 31 de xullo de 2015 para os proxectos que finalicen no ano 2015.

PROXECTOS DE EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO DAS PEMES NO SECTOR SERVIZOS ENTRE 30.000 E 200.000 EUROS

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131202/AnuncioO92-261113-0004_gl.html

Finalidade / Obxectivo

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES ABRE O 2/1/2014

Proxectos de equipamento das pemes no sector dos servizos cun investimento subvencionable entre 30.000 e 200.000 euros.

Tipos de apoio:

Subvención a fondo perdido en réxime de concorrencia competitiva.

Beneficiarios potenciais:

1. As pequenas e medianas empresas (pemes), que teñan radicado algún centro de actividade de carácter permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvan no centro radicado en Galicia algunha actividade empresarial non excluída no citado Regulamento (CE) nº 800/2008, xeral de exención por categorías, e acometan proxectos subvencionables.

2. Cumprindo os requisitos de domiciliación e actividade, poderán ser así mesmo beneficiarios:

a) As persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos.

b) As agrupacións de interese económico.

3. Non poderán ter a condición de beneficiarios as entidades que entren dentro da categoría de empresas en crise. Tampouco aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

4. Non poderán ter a condición de beneficiarios as entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei de subvencións de Galicia.

Sectores incentivables:

O proxecto subvencionable deberá, en todo caso, estar vinculado á consolidación ou posta en marcha dalgunha das seguintes actividades do sector sevizos independentemente de calquera outra que, ademais, desempeñe o solicitante:

- A construción.

- O comercio por xunto e o comercio polo miúdo: reparación de vehículos de motor e motocicletas. (CNAE 09, grupos 45.1, 45.2 e 45.4)

- O transporte e almacenamento.

- Servizos hostaleiros de aloxamento.

- Servizos de información e comunicacións.

- Actividades inmobiliarias.
- Actividades profesionais, científicas e técnicas.
- Actividades administrativas e servizos auxiliares.
- Educación.
- Actividades sanitarias e de servizos sociais.
- Actividades artísticas, recreativas e de entretememento.
- Outros servizos.

* Non serán subvencionables as seguintes actividades:

a) As actividades de produción primaria dos produtos agrarios e as actividades nos sectores da pesca e da acuicultura:

- CNAE 09: Divisións 01, 02, 03 e 05 (todos os grupos e clases agás 01.61, 01.62 e 02.40)
- CNAE 09: Grupo 10.2 (todas as clases) e clase 46.38

b) O sector da industria siderúrxica:

- CNAE 09: Grupos 24.1, 24.2 e 24.3 (todas as clases) e clases 24.51, 24.52

c) O sector de fibras sintéticas.

d) O sector do carbón e do aceiro:

- CNAE 09: División 05 (todos os grupos e clases)

e) O sector da construción naval:

- CNAE 09: Clase 30.11

Requisitos principais do proxecto:

Son subvencionables os proxectos de equipamento das pemes no sector dos servizos cun investimento subvencionable entre 30.000 e 200.000 euros.

Requisitos dos proxectos subvencionables:

a) Os proxectos subvencionables terán que acreditar a súa viabilidade técnica, económica, financeira e, se é o caso, medioambiental.

b) O beneficiario deberá achegar unha contribución financeira, exenta de calquera tipo de apoio público, de polo menos un 25% dos custos, xa sexa mediante os seus recursos propios ou mediante financiamento externo.

c) Os proxectos subvencionables non poderán ter comezado antes da presentación da solicitude no Igape. Ningún dos custos alegados, sobre os que se solicita subvención, poderán ser incorridos con carácter previo á solicitude da axuda; de ser así, o proxecto no seu conxunto sería non subvencionable.

d) O proxecto subvencionable deberá, en todo caso, estar vinculado á consolidación ou posta en marcha dalgunha das seguintes actividades do sector servizos do artigo 1 das bases independentemente de calquera outra que, ademais, desempeñe o solicitante.

e) Un solicitante só poderá presentar unha solicitude por convocatoria. Para estes efectos considerarase como un único solicitante as empresas pertencentes a un mesmo grupo empresarial ou vinculadas entre si.

Cualificación requerida do proxecto:

Os proxectos que cumpran coas condicións necesarias serán avaliados de acordo co seguinte baremo xeral:

- a) Sectores de servizos de apoio, comercialización ou directamente relacionados cos prioritarios relacionados no anexo IV a estas bases (15 puntos).
- b) Empresa adscrita a un clúster galego legalmente constituído (5 puntos).
- c) Compromiso de creación de emprego na peme. Outorgaranse 3 puntos por cada novo emprego que se comprometan a crear respecto aos traballadores existentes a 1 de xaneiro de 2014. Asignaráselle 2 puntos adicionais se o compromiso relativo a algún dos empregos a crear nese período pertence a colectivos con dificultades de acceso ao emprego: persoas desempregadas que esgotasen as prestacións por desemprego, persoas desempregadas de máis de 45 anos, mozas e mozos menores de 30 anos, vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade, persoas desempregadas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social ou mulleres desempregadas (0 - 20 puntos).
- d) Localización do proxecto dentro de Galicia, segundo o anexo III a estas bases (0 - 30 puntos).
- e) Grao de innovación a nivel de empresa:
 1. Xeración dun novo servizo (20 puntos).
 2. Procesos non realizados previamente (15 puntos).
 3. Mellora ou automatización de procesos preexistentes (7 puntos).
- f) A existencia de sistemas de calidade e de xestión ambiental certificados por entidade acreditada (10 puntos).

Inversións ou gastos computables:**CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:**

- a) Bens de equipamento de carácter tecnolóxico en xeral ligados directamente ao servizo prestado pola peme.
- b) Equipamentos para proceso de datos.
- c) Software ligado ao servizo prestado pola empresa. Non será subvencionable calquera software que apoie procesos internos da empresa (como o propio ERP da empresa).
- d) Activos fixos destinados ao almacenaxe e loxística (estanterías, sistemas de automatización, etiquetaxe e lectura de datos, elementos de transporte interior).
- e) Mobiliario e elementos decorativos, limitados ao 20% do investimento subvencionable total.

CONDICIÓN DOS GASTOS SUBVENCIONABLES:

- Os gastos subvencionables serán os realizados dentro do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión para os efectos de cumprir todas as condicións nela establecidas. Este prazo iniciárase na data de presentación da solicitude de axuda e rematará na data que, á vista das características do proxecto, sexa establecida na resolución de concesión.
- Ningún dos custos alegados, sobre os que se solicita subvención, poderán ser incorridos con carácter previo á solicitude da axuda, de ser así, o proxecto no seu conxunto sería non subvencionable.
- Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación destas bases os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e os impostos persoais sobre a renda.

- Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público para o contrato menor, (actualmente 18.000 euros para adquisición de bens ou prestación de servizos) o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben. As ofertas deberán ter firma e selo orixinal do provedor. Para modificar o provedor seleccionado deberá pedir previamente á súa contratación autorización ao Igape e xustificar as razóns do cambio.
- Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes do remate do prazo de execución do proxecto.
- O investimento terá que incluírse no activo da empresa e manterse vinculado á actividade económica subvencionable no centro de traballo en Galicia durante os 3 anos seguintes ao remate do prazo de execución do proxecto. Todos os investimentos deberán realizarse en bens novos.
- No caso de investimento en activos intanxibles, para ser considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente na empresa beneficiaria da axuda; 2) consideraranse activos amortizables; 3) adquiriranse a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor, ou viceversa.
- Os investimentos e gastos previstos polo solicitante deberán ser especificados na solicitude, coa planificación anualizada destes.
- Os gastos subvencionables deberán ser contratados e pagados directamente entre o beneficiario da axuda e o provedor final. Os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores. En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades.

Contía das axudas:

A subvención poderá chegar ata o 40% dos investimentos subvencionables, e ata o 50% se se dirixe exclusivamente a pequenas empresas.

Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o 2 de xaneiro de 2014 e rematará o 18 de febreiro de 2014.

Incompatibilidades:

Estas axudas son incompatibles con calquera outra liña de axudas ou subvencións para o mesmo proxecto cofinanciada con fondos ou instrumentos da UE.

Noutro caso, as axudas serán compatibles con calquera outra liña de subvencións, sempre que respecten as seguintes intensidades de axuda máxima: o 40% do gasto subvencionable para medianas empresas e o 50% do gasto subvencionable para pequenas empresas, excepto no sector do transporte que será o 30%.

A obtención doutras axudas ou subvencións ao mesmo proxecto deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado.

Referencia legislativa:

Resolución do 26 de novembro de 2013 (DOG N°230 do 02/12/2013) - Bases reguladoras e convocatoria 2014

Información e tramitación en:

- Nas oficinas territoriais do IGAPE

- No Servizo de Atención Telemática a través do teléfono 902 300 903 ou 981 54 11 47
- A través de www.igape.es ou en informa@igape.es

Tramitación:

Para presentar unha solicitude de axuda o interesado deberá cumprimentar previamente un formulario descritivo do proxecto a través da aplicación establecida no enderezo de Internet <http://www.tramita.igape.es>

Unha vez aceptados os datos do formulario deberá presentarse a solicitude. Para iso hai 2 opcións:

- Presentar telemáticamente: Neste caso será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante e deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido.
- En papel: xerar a instancia de solicitude (Anexo I) na opción Ver instancia e presentala nun rexistro do Igape ou en calquera outro rexistro público acompañado da documentación indicada no artigo 8.4 das reguladoras en orixinal ou copia cotexada.

Na presentación por vía electrónica, os interesados deberán achegar coa solicitude as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 8.4, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica.

A fin de prestar asistencia na cumprimentación do cuestionario, o Igape dispón dun Servizo de Atención Telemática a través dos teléfonos 902 300 903 ou 981 541 147

Observacións:

O prazo de execución dos proxectos non poderá superar o 30 de setembro de 2014 para os proxectos que finalicen en 2014 e o 30 de xuño de 2015 para os proxectos que finalicen no ano 2015. Os beneficiarios deberán presentar a solicitude de cobramento no prazo improrrogable dun mes desde o día seguinte á devandita data.

Real Decreto - Lei de 5/2013, de 15 de marzo

Real Decreto-lei 5/2013. de 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo.

Mais información: <http://www.boe.es/boe/dias/2013/03/16/pdfs/BOE-A-2013-2874.pdf>

Concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2014

ORDE do 20 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2014.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131231/AnuncioCA05-201213-0001_gl.html

Tramitación en: Consellería de Traballo e Benestar